



DATOS IDENTIFICATIVOS

Réxime fiscal da empresa I

Materia	Réxime fiscal da empresa I			
Código	V03G020V01504			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Idioma				
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Gago Rodríguez, Alberto González Martínez, José Manuel			
Profesorado	Álvarez Villamarín, José Carlos del Río Otero, Coral Gago Rodríguez, Alberto González Martínez, José Manuel Gradin Lago, Carlos Manuel			
Correo-e	xmgzlez@uvigo.es agago@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	RFE é unha materia que ten como obxectivo introducir ós alumnos no campo da fiscalidade aplicada. En particular, desenvólvense dous dos impostos máis importantes: o IRPF e o Imposto de Sociedades.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	- saber - saber facer - Saber estar / ser
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	
CG1	Capacidade de análise e síntese	- saber facer - Saber estar / ser
CG2	Pensamento crítico e autocrítico	

CG3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial	- saber facer
CG4	Poder transmitir ideas, información, problemas e situacións ao público tanto especializado como non especializado	
CG5	Habilidades de comunicación oral e escrita	- saber facer
CG6	Habilidades de comunicación a través de Internet e, dominio de ferramentas multimedia para a comunicación a distancia	
CG7	Ler e comunicarse en inglés como lingua estranxeira	
CG8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación	
CG9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo	- saber facer - Saber estar / ser
CG10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados	- saber - saber facer
CG11	Redactar proxectos de xestión global ou de áreas funcionais da empresa	
CG12	Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía	
CG13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo	- saber - saber facer
CG14	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado	
CE1	Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial	
CE2	Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía	
CE3	Posuír e comprender coñecementos sobre os aspectos internos, funcións e procesos das organizacións incluíndo a súa natureza, estrutura, goberno, operativa e dirección.	
CE4	Posuír e comprender coñecementos sobre o marco económico que regula as actividades empresariais, e a correspondente normativa	- saber - saber facer
CE5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial	
CE6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial	
CE7	Posuír e comprender coñecementos sobre as principais técnicas instrumentais aplicadas ao ámbito empresarial	
CE8	Aplicar os coñecementos adquiridos a futuras situacións profesionais e desenvolver competencias relacionadas coa elaboración e defensa de argumentos e resolución de problemas dentro da súa área de estudo	- saber - saber facer
CE9	Identificar a xeneralidade dos problemas económicos que se suscitan nas empresas, e saber utilizar os principais instrumentos existentes para a súa resolución	
CE10	Valorar, a partir dos rexistros relevantes de información, a situación e previsible evolución dunha empresa	
CE11	Tomar decisións estratéxicas utilizando diferentes tipos de modelos empresariais	
CE12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais	
CE13	Mobilidade e adaptabilidade a entornos e situacións diferentes	
CE14	Elaborar os plans e políticas nas diferentes áreas funcionais das organizacións	
CE15	Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	

CE16	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante	- saber facer
CT1	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial	- Saber estar / ser
CT2	Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas	
CT3	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos	
CT4	Compromiso ético no traballo	
CT5	Motivación pola calidade e mellora continua	

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Adquirir coñecementos básicos para entender o papel que desempeña a fiscalidade nas decisións económicas	CB2 CG13 CE4 CT1
Desenvolver habilidades de procura, uso e comprensión da normativa tributaria vixente	CG1 CG3 CG10 CE16
Entender os efectos da tributación sobre as distintas fontes de renda: traballo, capital, actividades económicas e alteracións patrimoniais.	CB2 CG1 CG10 CE4 CE8
Potenciar a capacidade de traballar en equipo buscando atopar as mellores solucións tributarias	CG9 CG13 CT1
Xustificar e defender as decisións adoptadas en materia de tributación mediante estudos de caso	CG1 CG5 CG10 CE8

Contidos

Tema	
Parte I: Introducción ó Sistema Fiscal Tema 1: Obxectivos e metodoloxía da materia	Obxectivos básicos. A organización da materia. O método de traballo e a súa avaliación.
Tema 2: Caracterización do Sistema Fiscal Español e bases para a fiscalidade persoal e empresarial	O papel dos Impostos na realidade económica. Composición do Sistema Fiscal. Características básicas das principais figuras tributarias.
Parte II: O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Tema 3: Introducción ó IRPF	Elementos básicos do Imposto: contribuínte e unidade familiar, rendas suxeitas e exentas, periodo impositivo.
Tema 4: Rendas das Persoas Físicas	Rendementos do Traballo, Rendementos do Capital, Ganancias e Perdas Patrimoniais
Tema 5: Rendas de Empresarios e Profesionais individuais	Elección do réxime de estimación da renda. Determinación da renda en Estimación Directa e Estimación Obxectiva.
Tema 6: Liquidación do IRPF	Integración e compensación das rendas. Mínimo Persoal e Familiar. Cuota Integra e Deducións.
Parte III: O Imposto sobre Sociedades. Tema 7: Introducción ó IS.	Elementos básicos do Imposto: contribuínte, resultado contable e base imponible. Periodo impositivo. Imputación temporal de ingresos e gastos.
Tema 8: Operacións determinantes da Base Imponible	Gastos non deducibles. Amortizacións. Arrendamento Financeiro. Deterioro de Valor e Transmisións Patrimoniais.
Tema 9: Liquidación do IS	Proceso Liquidatorio. Cuota Integra. Deducións.

Planificación docente

Atención personalizada	Avaliación	Horas presenciais A	Horas presenciais fóra da aula Entorno académico guiado B	Factor de traballo C	Horas fora da aula D	Horas totais (A+B+D) E

Actividades introductorias	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	0.5	0	0	0	0.5
Sesión maxistral	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	22	0	0	22	44
Estudo de casos/análises de situacións	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	17.5	0	0	17.5	35
Prácticas en aulas de informática	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	5	0	0	5	10
Prácticas autónomas a través de TIC	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	0	0	0	25	25
Outras	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	2.5	0	0	12	14.5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	5	0	0	16	21
Horas totais E:							150
Carga lectiva en créditos ECTS UVIGO:							6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación do contido e obxectivos da materia. Metodoloxía de traballo e sistemas de control e avaliación.
Sesión maxistral	Para cada tema o docente presentará na aula as cuestións mais relevantes e formulará a metodoloxía a seguir para interpretar as consecuencias e efectos prácticos da norma tributaria. Posteriormente o alumno deberá revisar de xeito autónomo os contidos expostos.
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse sesións prácticas que terán lugar en aulas-seminario. Para cada sesión proporánse casos a estudar en grupos reducidos (de 3 ou 4 alumnos) conformados ó inicio do curso. Cada grupo deberá comentar, resolver e defender os casos plantexados. Os alumnos disporán previamente dos enunciados dos casos a través da Plataforma Tema e deberán elaborar no seu grupo reducido unha primeira proposta de solución xustificada que deberá ser entregada a través da Plataforma Tema antes do desenvolvemento da sesión presencial.
Prácticas en aulas de informática	As sesións prácticas en aula informática faránse de xeito individualizado e consistirán na resolución dun caso práctico empregando as aplicacións informáticas da Axencia Tributaria. Para o seu desenvolvemento os alumnos disporán previamente do enunciado do caso na Plataforma Tema.
Prácticas autónomas a través de TIC	Cada semana, despois da sesión maxistral, abriráse un formulario práctico dixital (de resposta curta ou test) na Plataforma Tema, relativo ós contidos desenvolto na sesión maxistral e na práctica. Trátase de actividades non presenciais que posibilitan o seguimento e avaliación do alumno, que deberá responder nos prazos sinalados.

Atención personalizada

	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Durante as prácticas de laboratorio e informáticas, preténdese orientar, supervisar, atender e resolver as dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización das actividades propostas, en particular. Ademais, cada profesor establecerá ó comenzo do curso un horario para titorías individuais ó que o alumno pode acudir para resolveren calquera tipo de dúbida referente á materia.
Prácticas en aulas de informática	Durante as prácticas de laboratorio e informáticas, preténdese orientar, supervisar, atender e resolver as dúbidas do alumno no seu proceso de adquisición das competencias, en xeral, e na realización das actividades propostas, en particular. Ademais, cada profesor establecerá ó comenzo do curso un horario para titorías individuais ó que o alumno pode acudir para resolveren calquera tipo de dúbida referente á materia.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Estudo de casos/análises de situacións	A entrega das propostas de solución dos estudos de caso feitas en grupo avaliarase conxuntamente coas probas tipo tests: será necesario ter entregado alomenos 6 casos para ter puntuación nas probas test.	0	CB2 CG1 CG3 CG9 CE8 CE16 CT1
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaráse e puntuarase a resolución dos test propostos despois de cada tema. Este apartado de traballo persoal puntuarase sobre un máximo global de 3 puntos. Será requisito necesario para obter puntuación neste apartado que o grupo ó que pertence cada alumno teña entregado alomenos 6 propostas de solución dos estudos de caso.	30	CB2 CG10 CG13 CE8
Outras	Rematada a docencia presencial, aqueles alumnos que non teñan superada a materia por avaliación continua deberán realizar unha proba escrita que consistirá na resolución de casos prácticos de liquidación do IRPF e do Imposto de Sociedades. O alumno deberá resolver de xeito individualizado os casos propostos xustificando as decisións adoptadas. Esta proba escrita final avaliarase cunha puntuación máxima de 10 puntos.	0	CB2 CG1 CG5 CG13 CE4 CE8
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Ó remate das partes II e III do programa da materia, en dúas sesións presenciais, proporase un caso que o alumno deberá resolver de xeito individual e que permitirá avaliar o seu nivel de coñecementos e capacidade de argumentación e xustificación das decisións adoptadas. A proba relativa ó IRPF puntuarase cun máximo de 4 puntos e a relativa ó IS cun máximo de 3 puntos.	70	CB2 CG1 CG5 CG10 CE4 CE8

Outros comentarios e segunda convocatoria

Nesta asignatura realizarase unha avaliación continua do traballo realizado polo alumno.

Para supera-la asignatura por avaliación continua deben cumprirse dúas condicións :

Â 1. Acadar alomenos un 25% da nota en cada un dos tres apartados puntuables (test, proba IRPF, proba IS).

Â 2. Obter alomenos 5 puntos na suma destes tres apartados puntuables (probas test e probas IRPF e IS).Â

A non presentación a calquera das dúas probas presenciais escritas (IRPF e IS) suporá que o alumno deixa de ser avaliado en avaliación

continua.Â Tamén sairá da avaliación continua se non acadada alomenos un 25% da nota en cada unha das tres probas realizadas (test, proba IRPF, proba IS).

A nota final por avaliación continua será a suma das notas parciais obtidas ata ese momento.

Aqueles alumnos que non teñan superado a materia por avaliación continua terán a opción de presentarse a un examen final. Este examen valerá o 100% da nota, e a calificación obtida substituirá á obtida en avaliación continua.Â En caso de non presentarse, a nota será a obtida en avaliación continua.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Selección de lexislación relativa ó IRPF e ó Imposto de Sociedades.

- Esquemas básicos e supostos prácticos.Â Plataforma Tema.

- *Manuel Practico Renta*. Axencia Tributaria. Edición actualizada.

- *Manual Práctico Sociedades*. Axencia Tributaria. Edición actualizada.

- Gabinete xurídico do Centro de Estudos Financeiros:Â "Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas. Casos Prácticos" .Â Madrid: editorial CEFÂ (edición actualizada).
- Gabinete xurídico do Centro de Estudos Financeiros:Â "Impuesto sobre Sociedades. Casos Prácticos" .Â Madrid: editorial CEFÂ (edición actualizada).
- Moreno Moreno, M^a Carmen e Paredes Gómez, Raquel:Â "Fiscalidad Individual y Empresarial. Ejercicios resueltos" .Â Madrid: editorial CívitasÂ (edición actualizada).
- Albi Ibáñez, Emilio:Â "Sistema Fiscal Español. Volumen 1" .Â Barcelona: editorial ArielÂ (edición actualizada).

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Díaz Arias, José Manuel:Â "Ley comentada del Impuesto sobre Sociedades. Concordada, jurisprudencia, consultas tributarias y doctrina" .Â Barcelona: editorial DeustoÂ (edición actualizada).
- Pla Vall, Ángeles e Salvador Cifre, Concha:Â "Impuesto sobre Sociedades. Régimen General y empresas de reducida dimensión" .Â Valencia: editorial Tirant lo BlanchÂ (edición actualizada).
- "Memento Práctico Fiscal" .Â Madrid: ediciones Francis LefebvreÂ (edición actualizada).

ENLACES DE INTERNET DE INTERESE

- Agencia Tributaria:Â www.aeat.es
- Instituto de Estudios Fiscales:Â www.ief.es
- Instituto Nacional de Estadística:Â www.ine.es
- Estadísticas OCDE:Â www.oecd.org

Recomendacións
